

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 20

SESION EXTRAORDINARIA DO 24 DE OUTUBRO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Oliveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Bravo Bosch, M^a José
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, M^a Elvira
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e catro de outubro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Oliveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Font, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en

sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Bos días señores e señores concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria convocada por orde do día de 11 de outubro que obra en poder das señoras e señores concelleiros, aos efectos do sorteo para a formación das mesas electorais para as vindeiras eleccións xerais, de conformidade co disposto na Lei orgánica de réxime electoral e Instrución da Xunta Electoral Central. Constátase quórum. Ábrese sesión pública.

ÚNICO.(224) SORTEO DE FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS VINDEIRAS ELECCIÓNS XERAIS DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA LEI ORGÁNICA DO RÉXIME ELECTORAL XERAL E INSTRUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL CENTRAL.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás nove horas e cinco minutos, a fin de facer o sorteo, por ordenador, da formación das mesas electorais para as vindeiras eleccións xerais, convocadas por RD número 1329/2011, do 26 de setembro, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 232, do 27 de setembro de 2011.

O Sr. Presidente explica brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que se sacarán números ó chou, do 1 ó 999, para escoller cada un dos membros a designar, que corresponderán co número do censo electoral e seguidamente o ordenador fará automaticamente a continuación do número que saia, segundo a titulación e a idade requirida, os compoñentes das citadas mesas para presidentes, vocais e suplentes.

Os devanditos números son os que seguen:

PRESIDENTE	180
1º VOCAL	14
2º VOCAL	7
PRESIDENTE 1º SUPLENTE	899
PRESIDENTE 2º SUPLENTE	635
1º VOCAL 1º SUPLENTE	774
1º VOCAL 2º SUPLENTE	665
2º VOCAL 1º SUPLENTE	238
2º VOCAL 2º SUPLENTE	425

De seguido o Sr. presidente indica que os devanditos números se introducirán no proceso de datos municipal a fin de que se confeccione o listado dos cargos que terán que ocupar as mesas electorais, listado que se procederá a remitir a todos os grupos políticos da Corporación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para as vindeiras eleccións xerais, que se contén no listado consecuencia do sorteo e a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo

110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.